



Parlamento das Letras: Paula Carballeira

Publicado o [10/10/2012](#)

Paula Carballeira é toda ela vis comica e fantasía rebordante. Humor e marabilla que informan cada un dos seus proxectos literarios e teatrais, porque en casa Carballeira, xa se sabe, a imaxinación ten o poder.

Hai testemuñas que afirman tela visto aquí e acolá, contando mil e unha a xentes que se deixaron cativar pola súa verba suxestiva ata renderse á evidencia de que non eran quen de reprimir tanta engrada emocional.

Outras voces, moi autorizadas, xuran e perxuran que a descubriron gabeando por taboados imposibles ao urro de 'Berrombán, Berrobambán!'. Seica este é un mal da legua, estraña patoloxía comportamental, un nubeiro dramático que a algunhas persoas se lles pon no maxín perdéndoos para sempre.

Agora anda en busca e captura literaria. Está acusada de crimes horrendos, que arrepían só con ser amentados: revivir lobishomes, departir con mortos viventes e mesmo ter tratos con sanguíños de estirpe transilvana.

Un consello de amigo: se cruzan con ela, non lle presten atención. De cada dez cousas que conta, vinte son verdade. Éche o que ten vivir todo o santo día nas nubes da creación...

—¿Cando, onde e da man de quen publicaches os teus primeiros textos?

Tiña unha mestra no Colexio O Ramo de Barallobre (Fene) que nos animaba a escribir para o concurso literario da Asociación Cultural O Facho da Coruña. Presenteime ao concurso durante varios anos e levei algúns premios que me deron pulo para seguir xogando coas palabras, ata que enviei ao premio Merlín unha obriña moi influída polo *Arnoia*, *Arnoia* de Ferrín que non gañou, pero quedou seleccionada entre as finalistas. Lembro unha conversa telefónica con Agustín Fernández Paz na que me animaba a seguir escribindo. Esa obriña chamábase *A percura*, e grazas á AS-PG publicouse en Edicións do Cumio. Despois viñeron *Robin e a Boa Xente* e *Troulas, andainas, solpores e unha farsa anónima*, que se publicaron en EDB-Rodeira porque a rapaza responsable das coleccións infantís da editorial, Reina Duarte, buscaba autor@s nov@s con propostas novas. Tiven a sorte de dar con persoas que ampliaban horizontes e que che quitaban as pedras do camiño para que puideses correr sen mancarte, valla a metáfora.

—¿Cal das túas obras cres que foi mellor tratada e cal pasou máis desapercibida para o público e/ou a crítica? ¿Por que cres que recibiron ese trato desigual?

En realidade, non teño queixa ningunha pola acollida das obras entre o público e a crítica. A miúdo penso que teñen o que lles corresponde, ben pola súa calidade ou ben polo traballo das editoriais e das persoas que traballan na dinamización da lectura. Porén, hai algunhas obras que penso que merecerían mellor sorte como *A casa redonda*, publicada en Baía cunhas fermosas ilustracións de Manolo Uhía e que case ninguén lembra, coido que porque non chama a atención, e iso que para min sempre foi un valor, que os libros non irrompan coma foguetes para deixar despois só un rastro de fume, senón que se manteñan durante tempo esperando que os descubras, pero, ao parecer, iso é algo fóra das convencións desta sociedade tan afeita ao consumo rápido. A dicir verdade, cada vez estou máis convencida de que as obras ás que lles teño máis cariño son as que aínda me emocionan cando as leo despois duns anos, ese é o meu criterio para querer que sigan vivas. Hai outras que para min tiveron o seu momento. E sorpréndeme ver que o público a miúdo concorda coa miña valoración, se chega a coñecer as obras das que falo. Outra cousa é a crítica, porque hai tantos criterios como persoas, e moitas valoracións subxectivas coas que é irrelevante que estea ou non de acordo. É importante que haxa crítica para que a obra sexa visible para un sector que doutro xeito non a vería, pero tamén é importante saber reflexionar sobre as críticas como autor/a e extraer delas o que precisas para que o teu traballo medre, para afirmarte ou retractarte, e iso non ten nada que ver co éxito da obra, que a miúdo é independente da calidade textual, ten que ver coas canles de distribución.

—¿Tes algún hábito singular ou manía á hora de escribir?

Nada fóra do normal. Prefiro escribir pola mañá, que é cando mellor penso, despois de tomar un café. O único que necesito é que ao meu redor as cousas estean recollidas e minimamente limpas, se non, noto unha forza interior que me leva a limpar e a ordenar para que o meu cerebro quede tamén arranxadiño e poida imaxinar a gusto.

—Nunha antoloxía da nosa literatura recente, ¿ao pé de de que autores/as preferirías figurar?

Encantaríame estar rodeada de amigas e amigos, e afortunadamente teño moitas amigas e moitos amigos que xa teñen o seu nome gravado na historia da literatura galega. Sería un honor estar ao seu carón. Non vou dar nomes porque sería unha longa lista, e coido que esa é a mellor gabanza ás nosas letras. Iso si, gustaríame estar ao carón desas persoas aventureiras que se arriscaron para buscar novos horizontes, ben revolucionando a concepción da literatura infantil e xuvenil, dignificándoa e eliminando fronteiras; ben traballando en xéneros como a poesía ou o teatro, que son menos agradecidos no mercado, pero que precisamente por iso esixen máis amor e dedicación.

—Se tiveses que historiografar a túa propia traxectoria literaria, ¿que trazos salientarías?

O que eu procuro é a emoción. Se eu me conmovo, é máis doado que poida conmover os demais, por iso manteño o compoñente lúdico en moitas das miñas propostas, para sentir formiguiñas no estómago, e a sonoridade das palabras, por se a alguén se lle dá por ler en voz alta, que é outra maneira de xogar. Gústame explorar sendeiros que non coñezo, para non terlles medo, por iso me atrevo con diferentes xéneros e diferentes tipos de público, para aprender e medrar. Tamén dentro das propias obras proba a alternar maneiras de narrar, ou maneiras de rimar, ou maneiras de poñer en escena as palabras. Iso si, sempre gardarei nun lugar destacado o universo infantil, que ten en esencia todo o necesario para a creación artística: a falta de complexos, a inocencia, a capacidade de sorpresa, a capacidade de inventar e reinventar, de desbotar sen reparos, a ilusión, a confianza, o sentido do humor... Evidentemente, rescato o positivo e son consciente do negativo, porque as persoas somos complexas, teñamos 5 ou 55 anos.

—¿Que lecturas te acompañan decote ou a que escritores/as regresas con frecuencia?

Desde hai uns anos, un escritor que me acompañaba onde vaia é Mia Couto. Desde que lin *Contos do nascer da terra* xa non o abandonei. O mesmo me aconteceu cando hai pouco descubrín a Wislawa Szymborska.

Pero volvo a Ende, a *Momo* ou ao seu *Caderno de apuntes* cada dous por tres, ou a Prévert, ou ao teatro de Beckett, ou.... buff! A lista é longa, só terías que ver os libros dos que non me desfago nas mudanzas.

—¿Que cres que lle falta aínda ás nosas letras e que lle sobra definitivamente?

Eu creo que as nosas letras aínda son novas e que lles falta tempo para asentarse entre as letras doutros países con igual consideración. Fálalles coñecemento e recoñecemento entre @s lector@s. Creo que lles sobran as miradas nostálxicas ao pasado e que debería haber máis miradas ao presente e ao futuro.

—Se soubeses que o teu tempo se esgota, ¿que non te perdoarías non deixar escrito?

Eu son moi indulxente comigo mesma e perdoaríame todo antes de morrer, pero, coma calquera autora, desexaría facer unha obra, de narrativa, de poesía, de teatro, de ensaio, do que fose, coa que me sentise tan satisfeita que pensase “xa podo morrer”, con todas as súas consecuencias, e que, á súa vez, esa obra deixase tan satisfeita á persoa que a lese, tivese a idade que tivese, que pensase “xa podo morrer”, con todas as súas consecuencias. Morrería tranquila se soubese que algunha obra miña seguiría sendo interesante moito despois de que eu desaparecese, de que seguiría emocionando, porque dalgunha maneira tería conseguido abeirar ao que non se pode apreixar nas palabras.

—¿Cal é a túa valoración do noso presente literario?

Penso que o noso presente literario é moi valioso. Temos diversidade, temos calidade e temos autores novos e autoras novas que achegan a súa maneira de ver as cousas, o que é moi necesario para ter unha literatura viva. Coido que imos ter que traballar cada vez máis para que toda esa calidade e diversidade chegue aos lectores e ás lectoras, da mesma maneira na que creo que temos que ir eliminando a barreira autor/a – lector/a e fomentar encontros e debates onde intercambiar ideas e unirnos na construción dunha cultura forte.

—Se desexas facer algunha outra consideración, túa é a palabra.

Unha cousiña máis: a min gústame escribir como son, e que detrás desa máscara, física ou non, que me poño ao saír a un escenario ou diante dunha cámara ou xogando coas palabras, o público recoñeza sempre a sinceridade, o corazón na man, porque considero que as persoas somos o mellor material literario, co noso nobelo de sentimentos e emocións, coas nosas dificultades, as nosas eivas, os nosos soños. A miúdo non sabemos o que hai detrás do pano do escenario, o que hai detrás das letras dun libro. Os críticos fan que pensemos sobre iso, incitan á incomodidade, que é o primeiro paso da reflexión. Só en contadas ocasións, coma esta, tes a oportunidade de falar sen máscara, e iso é moi de agradecer, que che devolvan a palabra.